ACTIVIDADES DE ESCOITA ACTIVA

ACTIVIDADE 1: CONCEPTOS BÁSICOS

O/a mediador/a debe ser capaz de poñerse no lugar das partes para comprender profundamente o que están dicindo e sentindo.

Existen unhas técnicas que axudan a realizar o anterior e son as seguintes:

- **O mostrar interese** (cos xestos, coa expresión facil, coas palabras, ...).
- **Aclarar a mensaxe**: intentando, a través de preguntas que lle facemos aos outros, saber o que sinten e pensan.
- **O parafraseo**, consistirá en repetir con palabras propias as principais ideas ou pensamentos expresados polo que falou.
- **Reflectir,** neste caso, o que intentarmos coas nosas palabras é reflectir os sentimentos existentes que entendemos nós, que están baixo o que acaba de contarnos.
- **O resumo**, consistirá en agrupar toda a información que acaba de expresarnos, tanto no que se refire aos feitos como aos sentimento.

- Dividimos aos candidatos/as a mediadores/as en grupo e entregamos o texto anterior a cada membro do grupo, para que o lean e o discutan. A continuación pídeselle, por parellas, que representen unha escena en base ao texto, dramatizando unha das técnicas sinaladas.

- Logo dialogamos entre todos e todas sobre as ventaxas de cada unha das técnicas mostradas.

ACTIVIDADE 2: APRENDO A IDENTIFICAR AS TÉCNICAS DE ESCOITA ACTIVA

Elaboramos plantillas con respostas para que o alumnado chegue a comprender correctamente as distintas técnicas de escoita activa (clarificación, parafrasear, reflectir sentimentos e resumir).

Caso 1:

Estudiante 1: "Póñome moi nervioso cando teño que saír ao taboleiro"

- Resposta A do/a mediador/a: " sintes medo cando o profesor te chama para resolver algo no taboleiro".
  Técnica utilizada: _____

- Resposta B do/ mediador/a: " poderías contarme que significa para ti estar nevioso"
  Técnica utilizada: _____

Caso 2:

Estudiante 2: " Sempre me acusan a min de comezar as pelexas. Eu pegueille a David porque el primeiro molestoume. Xa estou canso de ser eu sempre o culpable".

- Resposta A do/a mediador/a: " Parece que estás moi enfadade porque sempre che acusan a ti de ser o culplable".
  Técnica utilizada: _____

- Resposta B do/a mediador/a: Dis que estas xa canso de toda esta historia, a que te refires?
- Técnica utilizada: _____

Caso 3:

Estudiante 3: " Desde hai dúas semáns moitos compañeiros da clase non me falan, e non sei como solucionalo"

- Resposta A do/a: " Poderías decirme a que te refires con solucionalo".
  Técnica utilizada: _____

- Resposta B do mediador: " Doelles que non che falen?

  Técnica utilizada: _____.

ACTIVIDADE 3: ROLL PLAYING (Aplico o que aprendín)

Dividimos aos candidatos/as a mediadores/as en grupos de tres persoas. En cada grupo distribuimos os roles:

- ✓ Un realizará o papel de mediador/a e o/a outro/a será unha das partes en conflito
- ✓ O terceiro será o observador.

A. O/a *mediador*/a e a *parte en conflito* simularán unha entrevista, sobre o conflito (podemos representar calquera dos conflitos frecuentes nos centros). O/a mediador/a recibe a parte en conflito e procura escoitar atentamente, a súa versión do conflito, incorporando os recursos da escoita activa.
B. O/A observador/a anotará aspectos fundamentais da actuación do/a mediador/a orientado polo seguinte esquema:

Análise de aspectos non verbais	- Contacto visual. - Expresión facial. - Postura. - Xestos. - Movementos coa cabeza. - Movementos das pernas. - Distancia. - Contato físico. - ... .

Análise de elementos para-verbais da comunicación	- Volume. - Ton de voz. - Entoación. - Silencios. - Fluidez. - Claridade -
Análise de aspectos verbais	- Preguntas de clarificación. - Parafraseo - Reflectir a mensaxe - Resumo ou síntese.

Notas:

- Estas mesma actividade pode realizarse con catro membros no grupo (as dúas partes do conflito, o mediador e un observador).
- Podemos cambiar os roles e repetir o proceso varias veces.
- As anotación do/a observador/a serán utilizadas posteriormente para reflexionar sobre aspectos correctos e mellorables da nosa actuación.